



Prezadas familias:

A Dirección e o Departamento de Orientación do IES do Milladoiro infórmanvos de que o alumnado de 2º da ESO participará no Programa de “Resolución de conflitos” impartido por IGAXES3, dentro dos Obradoiros do Programa Aleida, nas horas de titoría.

Esta actividade enmárcase dentro do PAT (plan de acción titorial) e os seus obxectivos son:

- Aprender a resolver os conflitos dun xeito máis eficaz e positivo.
- Capacitar o alumnado para dicir que non asertivamente.
- Desenvolver a capacidade de empatía para poñerse no lugar da outra persoa.
- Fomentar a práctica da escoita activa.
- Axudar a desenvolver unha personalidade baseada na autonomía e responsabilidade evitando tanto as condutas agresivas como as permisivas.

Sen máis que comunicarvos polo momento, recibide un cordial saúdo.

O Milladoiro, 11 de febreiro de 2014.

O director,

Asdo.: Víctor Arias Santidrián

***Enlace de Igaxes3:**

<http://www.igaxes.org/?lang=es>